

PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto deste prezo público é o cobramento pola utilización do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Culleredo.

Artigo 2.- Obriga de pagamento

A obriga do seu pagamento nace no momento de solicitude polo usuario de incorporación ao sistema de aluguer de bicicletas.

Artigo 3.- Obrigados ao pagamento

Están obrigadas ao pagamento as persoas físicas que utilicen o servizo de préstamo de bicicletas.

Artigo 4.- Importe

- Tarxeta : 3,50 € / unidade.
- Utilización do servizo: hai dúas modalidades diferentes de utilizar o servizo, das que se derivan dous importes:

Modalidade 1: Só para as persoas empadroadas en Culleredo que queiran utilizar o servizo de xeito habitual. Dá dereito ao emprego durante 1 ano do servizo de aluguer de bicicletas.	11,00 € / ano
Modalidade 2: Para o resto das persoas usuarias. Dá dereito ao emprego durante 1 semana do servizo de aluguer de bicicletas.	6,00 € / semana

Artigo 5.- Xestión

A xestión do prezo público corresponde ao servizo de Promoción Económica do Concello de Culleredo.